

INTRO – ANTE TODO MOITA CALMA – METODOLOXÍA A SEGUIR

PSICOLOXÍA 2019 - 20



Ola a tod@s!!!

Ante todo calma. No tema do ditoso virus e no referente a este raro curso.

Situémonos:

Só nos queda por rematar o tema 3: Trastornos emocionais e da conduta. Terapias psicolóxicas.

E, lembre, que o conxunto de actividades para a nota desta 3ª Avaliación son:

PUNTUACIÓN EXAMES E ACTIVIDADES – UNIDADE 3 – TRASTORNOS EMOCIONAIS E DA CONDUCTA. TERAPIAS PSICOLÓXICAS

EXAMES TEÓRICOS

EXAME TIPO TEST 20 PREGUNTAS ⇒ (0 – 2 PUNTOS)

EXAME VERDADEIRO/FALSO 25 PREGUNTAS ⇒ (0 – 2,5 PUNTOS)

EXAME CONTIDOS TEÓRICOS PÁX. 41 ⇒ (0 – 1,5 PUNTOS)

TRABALLO FINAL CURSO CON TEXTOS E SEMELLANTES (INDIVIDUAL)

⇒ (0 – 4 PUNTOS) (DATA LÍMITE ENTREGA: XOVES 23 ABRIL 2020)

Reflexións e análises persoais dos seguintes 4 apartados:

- 1) Fragmento “Depresión”, do libro “El demonio de la depresión” de Andrew Solomon.**
- 2) Fragmentos de “Carta al Padre” de Frank Kafka.**
- 3) Frases de Sam Keen.**
- 4) Letras de cancións.**

Así que, ídelle dando ao traballo e eu irei subindo aquí as clases de cada día e xa veremos como argallar o dos exames teóricos test e V/F.



METODOLOXÍA A SEGUIR

O que teño pensado é cada día, gravar una clase como as “normais” e máis menos ir tentando rematar apartados concretos, avanzando cada páxina da teoría, procurando poñer exemplos e explicando aquelas palabras, conceptos, expresións, detalles que supoña vos van dar máis dificultades ou que considere de interese especial. Aproveitarei para comezar por algúns dos apartados teóricos da materia que nos queda que me parecen de vital importancia para afrontar esta ou outras complexas circunstancias vitais. **Ti escoitas a clase COS APUNTAMENTOS DIANTE, POR FAVOR!!!!** E una vez rematada levantas a man e envíasme un ou un cento de correos coas posibles dúbidas. A ver que tal. “Vémonos” o martes 17 de Marzo. Coidádevos!!!

DÍAS DE CLASE “CORONAVIRUS” LOGO EXISTO

Lembrede, irei subindo as clases por días segundo nos correspondían no horario. Ou sexa:

LUNS: Historia da Filosofía - 2º C//Historia da Filosofía - 2º B

MARTES: Psicoloxía/Historia da Filosofía -2º C/Historia da Filosofía-2º B

MÉRCORES: Historia da Filosofía - 2º B//Psicoloxía// Historia da Filosofía - 2º C

XOVES: Psicoloxía//Historia da Filosofía - 2º B//

VENRES: Valores éticos 2º//Historia da Filosofía - 2º C